

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Bases do proceso selectivo para a contratación de 4 persoas desempregadas. PEL Concellos 2024

EXPEDIENTE: 2024/G003/000810

Considerando que a este concello lle foi concedida, pola Excma. Deputación de A Coruña, unha subvención ao abeiro do “Programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia, incluído na liña 1.1 do Plan de Emprego Local” da Excma. Deputación da Coruña (BOP nº 206, de 27 de outubro de 2023), por importe de 52.000€.

Considerando que en virtude da Resolución da Alcaldía nº 745/2024, de 18 de xuño, se solicitou a modificación parcial do proxecto “Execución de obras e xestión de camiños tradicionais”, coa fin de proceder ás seguintes contratacións e a súa duración:

- 2 oficiais de 1ª de albanería. 5 meses e 15 días / no seu defecto ata o 31 de decembro de 2024. Xornada completa.
- 2 peoas/peóns de obra pública. 5 meses e 15 días / no seu defecto ata o 31 de decembro de 2024. Xornada completa.

Considerando que en virtude da subvención concedida é preciso proceder á contratación destas catro persoas en situación de desemprego.

Considerando que se incorporou ao expediente o certificado de existencia de crédito, da Intervención municipal, asinado o 10 de xaneiro de 2024.

Considerando que, tras a recente entrada en vigor da reforma laboral, para formalizar estes contratos subvencionados se empregará exclusivamente a modalidade de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (código de contrato 405).

Visto o informe da Intervención municipal emitido en data 24 de xuño de 2024.

Considerando que en virtude do exposto procede realizar os trámites necesarios para iniciar a contratación citada,

En virtude do exposto, e no uso das facultades que me confire o artigo 21 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- Convocar un proceso selectivo para a contratación laboral temporal, polo Concello de Teo, de catro persoas desempregadas e aprobar as correspondentes bases da convocatoria que se incorporan como anexo á presente.

A contratación se efectuará de acordo coas seguintes características:

POSTO A OCUPAR	NÚMERO DE POSTOS	TIPO DE XORNADA	DURACIÓN DO CONTRATO
Oficial/a de albanelería	2	Xornada completa	5 meses e 15 días / no seu defecto ata o 31 de decembro de 2024
Peoa / peón de obra pública	2	Xornada completa	5 meses e 15 días / no seu defecto ata o 31 de decembro de 2024

Segundo.- Facer público o contido da presente no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, no portal da sede electrónica do Concello de Teo (<https://sede.teo.gal/gl/>), na web municipal (www.teo.gal), e publicar o anuncio da convocatoria no BOP da Coruña, publicación esta última que determinará o comezo do prazo de presentación de instancias.

Terceiro.- Dar conta ao pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

Teo, asinado, polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa
Lucía Calvo de la Uz

A secretaria xeral, que dou fe
Virginia Fraga Díaz

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN, DE DÚAS PERSOAS PARA OCUPAR OS POSTOS DE OFICIAIS DE 1ª DE ALBANELERÍA (GRUPO C2) PARA O CONCELLO DE TEO

Primeira. Obxecto da Convocatoria

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal na categoría de albanel, oficial de 1ª, subgrupo C2, mediante o sistema de concurso - oposición, de dúas persoas desempregadas para levar a cabo os traballos de albanelería contemplados no proxecto “*Execución de obras e xestión de camiños tradicionais*”, traballos que figuran descritos na memoria que acompaña á solicitude de subvención presentada ao abeiro da Resolución da Deputación da Coruña pola que se aproban as bases reguladoras das axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia (PEL-Concellos 24), incluídas na liña 1.1 do plan de emprego local, publicadas no BOP da Coruña de 27 de outubro de 2023 (BOP nº206/23).

Estas contratacións efectuaranse a tempo completo, terán unha duración de cinco meses e están subvencionadas pola Deputación da Coruña, que concedeu unha axuda ao Concello de Teo para financiar parte dos custos da contratación.

As persoas seleccionadas incorporaranse ao Departamento municipal de Obras.

A modalidade contractual será a dun contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (código de contrato 405).

Segunda. Requisitos das persoas aspirantes

Para participar no presente concurso - oposición as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), para os nacionais doutros Estados. Así, segundo o artigo citado:

- Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como persoal funcionario en igualdade de condicións que os españois aos empregos públicos, con excepción daqueles que directa ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que teñen por obxecto a salvagarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas (art. 57.1)

- As previsións do apartado anterior serán de aplicación, calquera que sexa a súa nacionalidade, ao cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito e aos seus descendentes e aos do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.

- O acceso o emprego público como persoal funcionario, estenderase igualmente ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos no apartado 1 deste artigo.

- Os estranxeiros aos que se refiren os apartados anteriores, así como os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separada ou inhabilitada. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitada ou en situación equivalente nin ter sido sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

e) De conformidade co disposto na base 4.2 das bases reguladoras do “Programa PEL-Concellos 2024”, as persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo ou no caso de existencia de listas anteriores na data da convocatoria e atoparse nalguna das seguintes situacións de exclusión laboral:

- Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- Maiores de 45 anos.
- Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego nos Servizos Públicos de Emprego.
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior ao 33%.
- Persoas en situación de drogodependencia.
- Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- Persoas con fogar monoparental/monomarental.
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- Persoas vítimas de violencia de xénero.
- Persoas sen fogar.

Estes requisitos acreditaranse, mediante o documento acreditativo correspondente, no momento da presentación da solicitude de participación no proceso.

A situación de persoa desempregada xustificárase mediante a presentación dunha certificación ou informe do Servizo Público de Emprego, no que conste a súa inscrición como demandante non ocupada dispoñible para o emprego e, no seu caso, da antigüidade como demandante de emprego.

f) Posuír o carné de conducir do tipo B1 (Vehículos de ata 3500 kg).

g) Titulación: estar en posesión ou en condición de obter, antes do remate do prazo de presentación das instancias, do título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, Graduado Escolar, Formación profesional de primeiro grao ou equivalente, conforme á lexislación vixente (equivalencia a efectos laborais).

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, de ser o caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de dereito da Unión Europea.

Terceira. Selección de traballadoras/es

O Concello de Teo procederá á publicación do anuncio da convocatoria da contratación na páxina web do Concello (www.teo.gal), no portal da sede electrónica do Concello de Teo (<https://sede.teo.gal/gl/>), no seu taboleiro de anuncios e no BOP da Coruña, publicación esta última que determinará o inicio do prazo de presentación das solicitudes.

As persoas aspirantes interesadas nos postos de traballo a contratar terán que presentar unha instancia (Anexo II), dirixida á Alcaldía, dentro do prazo de cinco (5) días, a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no BOP, no Rexistro do Concello de Teo, en horario de atención ao público de 9:00 a 14:00 horas ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Neste caso, as persoas aspirantes deberán comunicarlle ao Concello a remisión da solicitude mediante fax (981809401) ou correo electrónico (rrhh@teo.gal), dentro do mesmo

prazo de presentación das instancias. No caso da remisión de correo electrónico indicárase como asunto: Albaneis 2024.

Se o último día de presentación das solicitudes recae en día inhábil, o prazo entenderase ampliado ata o día hábil seguinte.

Na instancia farase constar que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nestas bases e a acompañará da seguinte documentación:

- Documento de identidade (DNI, NIE, Pasaporte).
- Documentación esixida na Base segunda:
 - a) Titulación requirida con arranxo ao sinalado na Base segunda. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.
 - b) Fotocopia do carné de conducir
 - c) Documentación acreditativa da situación de demandante de emprego. A este respecto, durante a tramitación do proceso selectivo as persoas aspirantes deberán cumprir as obrigas derivadas de estar na dita situación.
 - d) Documentación acreditativa de atoparse nalgunha das situacións de exclusión laboral previstas na Base segunda apartado “e”.
 - e) Declaración xurada, acreditativa de non padecer enfermidade ou discapacidade que impida exercer a función propia a desenvolver (Anexo III).
 - f) Méritos: só se terán en conta para a fase de concurso os méritos debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de solicitudes. Non serán obxecto de toma en consideración, e valoración, os que se acheguen con posterioridade ao remate do dito prazo, que serán considerados como achega de nova de documentación fóra de prazo, ou aqueloutros que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

Cando a relevancia do documento no procedemento esíxao ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada

o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das bases da convocatoria.

Cuarta. Admisión de aspirantes

Rematado o prazo de presentación de instancias, ditarase resolución no prazo máximo de cinco días naturais declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas con indicación, se é o caso, das causas de exclusión.

Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos e na web do Concello de Teo (www.teo.gal) e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na Lei.

As persoas aspirantes excluídas dispoñen dun prazo de tres días naturais seguintes á publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

Posteriormente, se declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas que se publicará no taboleiro de edictos e na web do Concello de Teo.

Na resolución indícarase tamén cal será a data, lugar e hora na que se reunirá o Tribunal para levar a cabo a valoración de méritos.

De non existir aspirantes excluídas, se elevará a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución da aprobación.

Coa publicación na páxina web e no taboleiro de anuncios da puntuación dos méritos das persoas participantes, sinalárase a data, o lugar e a hora na que se realizará o primeiro exercicio da fase de oposición, ou ben a data, o lugar e a hora na que se realizarán os dous exercicios desa fase no caso de que se realicen o mesmo día.

Quinta. Tribunal

O tribunal estará composto polas seguintes persoas:

- a) Presidencia: Ignacio Soto González (arquitecto do Concello de Teo)
- b) Suplente: Luis Javier Castro Martínez (arquitecto técnico do Concello de Teo)
- c) Vogalía: Diego Rodríguez Porto (técnico de xestión económica e tesouraría do Concello de Teo)
- d) Suplente: Ana María Varela González (técnica de medio ambiente do Concello de Teo)
- e) Secretaría - vogalía: María Elena Sueiro González (secretaria adxunta do Concello de Teo)
- f) Suplente: Carmen Vidal González (administrativa do Concello de Teo)

O Tribunal poderá solicitar axuda de persoal técnico ou asesor cando o considere axeitado.

O Tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de postos de traballo convocados, aínda que co resto das persoas aspirantes non seleccionadas se establecerá unha orde para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, en función das puntuacións obtidas.

A Alcaldía, vista a proposta do Tribunal, procederá á adopción do decreto correspondente que resolverá a contratación.

Sexta. Proceso de selección

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases coas persoas que resultasen definitivamente admitidas.

O proceso de selección desenvolverase en dúas fases:

- Fase de concurso: 15 puntos

Na fase de concurso serán valorados polo Tribunal os méritos achegados e xustificadas polas persoas aspirantes, aplicando a valoración que se recolle no anexo I destas bases.

- Fase de oposición: 25 puntos

Esta fase consistirá na realización de dous exercicios, obrigatorios e eliminatorios.

- Primeiro exercicio: as persoas aspirantes realizarán unha proba práctica, que terá relación co posto a desempeñar e coas tarefas que se executan de xeito cotiá no posto de traballo. A finalidade da mesma é que as persoas aspirantes amosen, nun tempo máximo de 30 minutos, a súa destreza na realización das tarefas propias do posto de traballo. A puntuación máxima deste apartado é de 15 puntos e para entender superado este exercicio haberá que acadar a puntuación de 7,50 puntos.
- Segundo exercicio: as persoas aspirantes realizarán unha proba escrita, de carácter práctico, que terá relación co posto a desempeñar e que servirá para valorar o seu coñecemento relacionado co traballo e coas tarefas a desempeñar. A duración desta proba non excederá de 45 minutos. A puntuación máxima deste apartado é de 10 puntos e para entender superado este exercicio haberá que acadar a puntuación de 5,00 puntos.

É necesario superar ambos exercicios para poder optar ao posto de traballo.

De producirse empate na puntuación final, dirimirase a favor da/s persoa/s aspirante/s que acade/n maior puntuación na fase de oposición e, de persistir o empate, a favor da/s persoa/s con maior tempo en situación de desemprego que se acreditará co informe de situación de desemprego expedido polo Servizo Público de Emprego.

O Tribunal procederá a cualificación das persoas aspirantes, axustándose ao establecido nas presentes bases, procedendo á publicación, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, da relación de aspirantes presentadas coa puntuación obtida, elevando á Alcaldía a correspondente proposta de contratación a favor da persoa candidata que obtivera a maior puntuación total.

Se a persoa candidata inicialmente proposta renunciase á contratación ou non puidese acreditar os requisitos necesarios, a contratación realizarase coa persoa que acadase a seguinte maior puntuación e así sucesivamente.

Se durante o tempo de vixencia do contrato a persoa seleccionada decide rescindir o mesmo, a contratación, polos meses restantes, realizarase coa persoa que acadase a seguinte maior puntuación e así sucesivamente.

Sen prexuízo do establecido nas presentes bases, as contratacións que se efectúan en aplicación das mesmas non poderán superar os límites legais establecidos para a concertación dos diferentes contratos laborais con base no disposto no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/20156, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores ou calquera outro norma de desenvolvemento deste, nin provocar que a persoa estea contratada en réxime laboral, con ou sen solución de continuidade, durante un prazo superior a 18 meses dentro dun período de 24 meses.

A estes efectos, a proposta de contratación que efectúe o Tribunal deberá ter en conta esta circunstancia, propoñéndose neste caso á persoa que obtivera maior puntuación e na que non se dean as circunstancias anteriormente descritas.

Sétima. Formalización do contrato e duración

Co obxecto de subscribir o correspondente contrato laboral, as persoas aspirantes propostas disporán dun prazo de tres (3) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación da proposta de contratación na web municipal, para achegar a seguinte documentación actualizada:

- a) Declaración xurada de non padecer enfermidade nin estar afectada por limitación física ou psíquica que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para as que resultou seleccionada.
- b) Declaración expresa de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou de incapacidade conforme á normativa vixente.
- c) Declaración de non estar separada, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas nin atoparse inhabilitada para o exercicio e desempeño das funcións públicas.
- d) Copia cotexada de toda a documentación que presentou xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo: DNI (NIE ou pasaporte), carné de conducir, titulación, documentación que acredite algunha das circunstancias recollidas na letra “e” da base segunda e a xustificativa dos méritos alegados para a fase de concurso.

e) Informe actualizado da vida laboral (emitido na mesma data ou con data posterior á data da proposta da contratación).

f) Certificado ou informe actualizado da oficina de emprego (SPEG) na que se contemple a situación da persoa aspirante como demandante de emprego non ocupada, así como do tempo de permanencia en desemprego.

Unha vez presentada a documentación referida procederase á formalización do contrato.

Se dentro do prazo indicado (agás nos casos de forza maior, debidamente motivados e que deberán ser apreciados e estimados, potestativamente, pola Alcaldía), a persoa aspirante seleccionada non presentara a documentación requirida, ou da mesma se deducira que non reuniría os requisitos esixidos, non poderá ser contratada, debendo propoñerse, por parte da Alcaldía, a contratación da persoa aspirante que ocupe o primeiro lugar (por orde de puntuación) na relación complementaria de aspirantes que participaron no proceso selectivo e non foran inicialmente seleccionadas.

O contrato coas persoas inicialmente propostas terá unha duración de cinco meses e 15 días dende a data de formalización ou no seu defecto ata o 31 de decembro de 2024.

Oitava. Incidencias.

O Tribunal resolverá as dúbidas que se presenten e adoptará os acordos necesarios para o bo funcionamento do concurso - oposición en todo o non previsto nestas bases.

Novena. Dereito supletorio.

En todo o non previsto nestas Bases estarase ao disposto na lexislación laboral vixente que resulte de aplicación e, especialmente, ao disposto no Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro e demais lexislación concordante en materia laboral.

Décima. Norma final.

A presente convocatoria, as súas Bases e todos os actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do Tribunal, poderanse impugnar no caso e na

forma dispostos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

ANEXO I

Baremo de méritos para valorar o concurso

A) Formación (máximo 7 puntos):

1) Por coñecemento da lingua galega (*só se valorará o de maior puntuación debidamente acreditado*)

a) Curso de Iniciación ou CELGA III: 0,25 puntos

b) Curso de Perfeccionamento ou CELGA IV: 0,50 puntos

Puntuación máxima nesta apartado: 0,50 puntos.

2) Ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas: 2 puntos (máximo 2 puntos).

3) Cursos relacionados coas tarefas a desenvolver: 0,10 puntos por cada 10 horas de curso (máximo 4,00 puntos)

4) Cursos de prevención de riscos laborais: 0,10 puntos por cada 10 horas de curso (máximo 0,50 puntos)

B) Tempo en situación de desemprego: por ter unha antigüidade de 24 meses ou máis en situación de desemprego: 1 punto.

C) Mulleres: 1 punto

D) Por ter algunha discapacidade que non impida o normal desenvolvemento da actividade: 1 punto.

E) Maiores de 45 anos: 1 punto.

F) Experiencia laboral (máximo 4 puntos):

a) Por servizos prestados en postos da mesma natureza e categoría (oficial de 1ª de albanelería) nunha administración local: 0,2 puntos por mes completo traballado.

- b) Por servizos prestados en postos da mesma natureza e categoría (oficial de 1ª de albanelería) nunha empresa privada: 0,1 puntos por mes completo traballado.

A experiencia laboral, para a súa valoración, deberá xustificarse mediante contratos de traballo e vida laboral, expedida pola Seguridade Social, acreditando sempre a categoría profesional desempeñada, non computándose os períodos inferiores a un mes, entendéndose este como un período de 30 días a xornada completa.

ANEXO II

MODELO DE INSTANCIA

D./Dña....., con documento de identidade número e domicilio a efectos de notificación e comunicación en..... CP.....Localidade..... teléfono..... e correo electrónico.....

EXPOÑO:

1º.- Que desexo participar no proceso selectivo convocado para a contratación de dúas persoas como oficiais de 1ª de albanelería, mediante contrato temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, convocado polo Concello de Teo, a través do BOP da Coruña de data

2º.- Que reúno todos os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, que declaro coñecer.

3º.- Que achego a seguinte documentación, sumando a totalidade da miña solicitude un total de (*indique o número de páxinas*) páxinas:

- Fotocopia do documento de identidade. (DNI, NIE, Pasaporte)
- Declaración xurada, acreditativa de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exercer a función propia a desenvolver. (Anexo III)
- Carné de conducir tipo B
- Documentación acreditativa da situación de demandante de emprego

Documentación acreditativa de atoparse nalgunha das situacións previstas na letra “e” da Base 2ª

Titulación

Méritos

4º.- Que a documentación que achego xunto con esta solicitude é copia fiel da orixinal, que presentarei no Concello de Teo no momento en que, no seu caso, me sexa requirida ao efecto.

5º.- Que desexo realizar a proba escrita en Galego Castelán. (De non indicar preferencia entregáraselle a documentación en galego).

Polo exposto,

SOLICITO: Ser admitido/a no proceso selectivo aportando a estes efectos a documentación que se achega.

Teo, .. de de 2024

Sinatura da persoa aspirante

SRA. ALCALDESA - PRESIDENTA DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ANEXO III DECLARACIÓN XURADA

D/Dna. con DNI nº
teléfono, correo electrónico
e domicilio a efectos de notificación en

DECLARO BAIXO XURAMENTO

Que non padezo enfermidade nin estou afectada/o por limitación física ou psíquica que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo ao que pretendo optar mediante esta solicitude.

Que non presento causa de incompatibilidade ou de incapacidade conforme á normativa vixente.

Que non estou separada/o, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas nin me atopo inhabilitada/o para o exercicio e desempeño das funcións públicas.

Teo, .. de de 2024

Sinatura da persoa aspirante

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN, DE DÚAS PERSOAS PARA OCUPAR OS POSTOS DE PEÓN DE OBRA PÚBLICA (AGRUPACIÓN PROFESIONAL) PARA O CONCELLO DE TEO

Primeira. Obxecto da Convocatoria.

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal na categoría de peoa/péon de obra pública, agrupación profesional, mediante o sistema de concurso - oposición, de dúas persoas desempregadas para levar a cabo os traballos de correspondentes a dita categoría contemplados no proxecto "*Execución de obras e xestión de camiños tradicionais*", traballos que figuran descritos na memoria que acompaña á solicitude de subvención presentada ó abeiro da Resolución da Deputación da Coruña pola que se aproban as bases reguladoras das axudas á

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia (PEL-Concellos 24), incluídas na liña 1.1 do plan de emprego local, publicadas no BOP da Coruña de 27 de outubro de 2023 (BOP nº206/23).

Estas contratacións efectuaranse a tempo completo, terán unha duración de cinco meses e están subvencionadas pola Deputación da Coruña, que concedeu unha axuda ao Concello de Teo para financiar parte dos custos da contratación.

As persoas seleccionadas incorporaranse ao Departamento municipal de Obras.

A modalidade contractual será a dun contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (código de contrato 405).

Segunda. Requisitos das persoas aspirantes

Para participar no presente concurso - oposición as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), para os nacionais doutros Estados. Así, segundo o artigo citado:

- Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como persoal funcionario en igualdade de condicións que os españois aos empregos públicos, con excepción daqueles que directa ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que teñen por obxecto a salvagarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas (art. 57.1)
- As previsións do apartado anterior serán de aplicación, calquera que sexa a súa nacionalidade, ao cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito e aos seus descendentes e aos do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.
- O acceso o emprego público como persoal funcionario, estenderase igualmente ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados

Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos no apartado 1 deste artigo.

- Os estranxeiros aos que se refiren os apartados anteriores, así como os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separada ou inhabilitada. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitada ou en situación equivalente nin ter sido sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

e) De conformidade co disposto na base 4.2 das bases reguladoras do “Programa PEL-Concellos 2024”, as persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo ou no caso de existencia de listas anteriores na data da convocatoria e atoparse nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral:

- Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- Maiores de 45 anos.
- Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego nos Servizos Públicos de Emprego.

- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior ao 33%.
- Persoas en situación de drogodependencia.
- Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- Persoas con fogar monoparental/monomarental.
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- Persoas vítimas de violencia de xénero.
- Persoas sen fogar.

Estes requisitos acreditaranse, mediante o documento acreditativo correspondente, no momento da presentación da solicitude de participación no proceso.

A situación de persoa desempregada xustificárase mediante a presentación dunha certificación ou informe do Servizo Público de Emprego, no que conste a súa inscrición como demandante non ocupada dispoñible para o emprego e, no seu caso, da antigüidade como demandante de emprego.

f) Posuír o carné de conducir do tipo B1 (Vehículos de ata 3500 kg).

g) Titulación: estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Estudos primarios; Certificado de Estudos primarios derivado da Lei 17/7/1945 de Educación Primaria e da Lei 21/12/1965 de Reforma da Educación Primaria, expedido con anterioridade á finalización do curso 1975/1976; Título de Graduado Escolar a partir do curso 1975/1976 ou superior, conforme á lexislación vixente (equivalencia a efectos laborais).

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, de ser o caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de dereito da Unión Europea. equivalente, conforme á lexislación vixente (equivalencia a efectos laborais).

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, de ser

o caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de dereito da Unión Europea.

Terceira. Selección de traballadoras/es

O Concello de Teo procederá á publicación do anuncio da convocatoria da contratación na páxina web do Concello (www.teo.gal), no portal da sede electrónica do Concello de Teo (<https://sede.teo.gal/gl/>), no seu taboleiro de anuncios e no BOP da Coruña, publicación esta última que determinará o inicio do prazo de presentación das solicitudes.

As persoas aspirantes interesadas nos postos de traballo a contratar terán que presentar unha instancia (Anexo II), dirixida á Alcaldía, dentro do prazo de cinco (5) días, a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no BOP, no Rexistro do Concello de Teo, en horario de atención ao público de 9:00 a 14:00 horas ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Neste caso, as persoas aspirantes deberán comunicarlle ao Concello a remisión da solicitude mediante fax (981809401) ou correo electrónico (rrhh@teo.gal), dentro do mesmo prazo de presentación das instancias. No caso da remisión de correo electrónico indicárase como asunto: Peón 2024.

Se o último día de presentación das solicitudes recae en día inhábil, o prazo entenderase ampliado ata o día hábil seguinte.

Na instancia farase constar que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nestas bases e a acompañará da seguinte documentación:

- Documento de identidade (DNI, NIE, Pasaporte).
- Documentación esixida na Base segunda:
 - a) Titulación requirida con arranxo ao sinalado na Base segunda. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.
 - g) Fotocopia do carné de conducir

- h) Documentación acreditativa da situación de demandante de emprego (A este respecto, durante a tramitación do proceso selectivo as persoas aspirantes deberán cumprir as obrigas derivadas de estar na dita situación)
- i) Documentación acreditativa de atoparse nalgunha das situacións de exclusión laboral previstas na Base segunda apartado “e”.
- j) Declaración xurada, acreditativa de non padecer enfermidade ou discapacidade que impida exercer-la función propia a desenvolver (Anexo III).
- k) Méritos: Só se terán en conta para a fase de concurso os méritos debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de solicitudes; e non serán obxecto de toma en consideración, e valoración, os que se acheguen con posterioridade ao remate do dito prazo, que serán considerados como achega de nova de documentación fóra de prazo, ou aqueloutros que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

Cando a relevancia do documento no procedemento esíxao ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das bases da convocatoria.

Cuarta. Admisión de aspirantes

Rematado o prazo de presentación de instancias, ditarase resolución no prazo máximo de cinco días naturais declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas con indicación, se é o caso, das causas de exclusión.

Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos e na web do Concello de Teo (www.teo.gal) e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na Lei.

As persoas aspirantes excluídas dispoñen dun prazo de tres días naturais seguintes á publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

Posteriormente, se declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas que se publicará no taboleiro de edictos e na web do Concello de Teo.

Na resolución indicárase tamén cal será a data, lugar e hora na que se reunirá o Tribunal para levar a cabo a valoración de méritos.

De non existir aspirantes excluídas, se elevará a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución da aprobación.

Coa publicación na páxina web e no taboleiro de anuncios da puntuación dos méritos das persoas participantes, sinalárase a data, o lugar e a hora na que se realizará o primeiro exercicio da fase de oposición, ou ben a data, o lugar e a hora na que se realizarán os dous exercicios desa fase no caso de que se realicen o mesmo día.

Quinta. Tribunal

O tribunal estará composto polas seguintes persoas:

- a) Presidencia: Ignacio Soto González (arquitecto do Concello de Teo)
- g) Suplente: Luis Javier Castro Martínez (arquitecto técnico do Concello de Teo)
- h) Vogalía: Diego Rodríguez Porto (técnico de xestión económica e tesouraría do Concello de Teo)
- i) Suplente: Ana María Varela González (técnica de medio ambiente do Concello de Teo)
- j) Secretaría - vogalía: María Elena Sueiro González (secretaria adxunta do Concello de Teo)
- a) Suplente: Carmen Vidal González (administrativa do Concello de Teo)

O Tribunal poderá solicitar axuda de persoal técnico ou asesor cando o considere axeitado.

O Tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de postos de traballo convocados, aínda que co resto das persoas aspirantes non seleccionadas se establecerá unha orde para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, en función das puntuacións obtidas.

A Alcaldía, vista a proposta do Tribunal, procederá á adopción do decreto correspondente que resolverá a contratación.

Sexta. Proceso de selección

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases coas persoas que resultasen definitivamente admitidas.

O proceso de selección desenvolverase en dúas fases:

- Fase de concurso: 15 puntos

Na fase de concurso serán valorados polo Tribunal os méritos achegados e xustificadas polos/as aspirantes, aplicando a valoración que se recolle no anexo I destas bases.

- Fase de oposición: 25 puntos

Esta fase consistirá na realización de dous exercicios, obrigatorios e eliminatorios.

- Primeiro exercicio: as persoas aspirantes realizarán unha proba práctica, que terá relación co posto a desempeñar e coas tarefas que se executan de xeito cotiá no posto de traballo. A finalidade da mesma é que as persoas aspirantes amosen, nun tempo máximo de 30 minutos, a súa destreza na realización das tarefas propias do posto de traballo. A puntuación máxima deste apartado é de 15 puntos e para entender superado este exercicio haberá que acadar a puntuación de 7,50 puntos.
- Segundo exercicio: as persoas aspirantes realizarán unha proba escrita, de carácter práctico, que terá relación co posto a desempeñar e que servirá para valorar o seu coñecemento relacionado co traballo e coas tarefas a desempeñar. A duración desta proba non excederá de 45 minutos. A puntuación máxima deste apartado é de 10 puntos e para entender superado este exercicio haberá que acadar a puntuación de 5,00 puntos.

É necesario superar ambos exercicios para poder optar ao posto de traballo.

De producirse empate na puntuación final, dirimirase a favor da/s persoa/s aspirante/s que acade/n maior puntuación na fase de oposición e, de persistir o empate, a favor da/s persoa/s con maior tempo en situación de desemprego que se acreditará co informe de situación de desemprego expedido polo Servizo Público de Emprego.

O Tribunal procederá a cualificación das persoas aspirantes, axustándose ao establecido nas presentes bases, procedendo á publicación, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, da relación de aspirantes presentadas coa puntuación obtida, elevando á Alcaldía a correspondente proposta de contratación a favor da persoa candidata que obtivera a maior puntuación total.

Se a persoa candidata inicialmente proposta renunciase á contratación ou non puidese acreditar os requisitos necesarios, a contratación realizarase coa persoa que acadase a seguinte maior puntuación e así sucesivamente.

Se durante o tempo de vixencia do contrato a persoa seleccionada decide rescindir o mesmo, a contratación, polos meses restantes, realizarase coa persoa que acadase a seguinte maior puntuación e así sucesivamente.

Sen prexuízo do establecido nas presentes bases, as contratacións que se efectúan en aplicación das mesmas non poderán superar os límites legais establecidos para a concertación dos diferentes contratos laborais con base no disposto no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/20156, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores ou calquera outro norma de desenvolvemento deste, nin provocar que a persoa estea contratada en réxime laboral, con ou sen solución de continuidade, durante un prazo superior a 18 meses dentro dun período de 24 meses.

A estes efectos, a proposta de contratación que efectúe o Tribunal deberá ter en conta esta circunstancia, propoñéndose neste caso á persoa que obtivera maior puntuación e na que non se dean as circunstancias anteriormente descritas.

Sétima. Formalización do contrato e duración

Co obxecto de subscribir o correspondente contrato laboral, as persoas aspirantes propostas disporán dun prazo de tres (3) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación da proposta de contratación na web municipal, para achegar a seguinte documentación actualizada:

- a) Declaración xurada de non padecer enfermidade nin estar afectada por limitación física ou psíquica que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para as que resultou seleccionada.
- b) Declaración expresa de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou de incapacidade conforme á normativa vixente.
- c) Declaración de non estar separada, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas nin atoparse inhabilitada para o exercicio e desempeño das funcións públicas.
- d) Copia cotexada de toda a documentación que presentou xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo: DNI (NIE ou pasaporte), carné de conducir, titulación, documentación que acredite algunha das circunstancias recollidas na letra "e" da base segunda e a xustificativa dos méritos alegados para a fase de concurso.
- e) Informe actualizado da vida laboral (emitido na mesma data ou con data posterior á data da proposta da contratación).
- f) Certificado ou informe actualizado da oficina de emprego (SPEG) na que se contemple a situación da persoa aspirante como demandante de emprego non ocupada, así como do tempo de permanencia en desemprego.

Unha vez presentada a documentación referida procederase á formalización do contrato.

Se dentro do prazo indicado (agás nos casos de forza maior, debidamente motivados e que deberán ser apreciados e estimados, potestativamente, pola Alcaldía), a persoa aspirante seleccionada non presentara a documentación requirida, ou da mesma se deducira que non reuniría os requisitos esixidos, non poderá ser contratada, debendo propoñerse, por parte da Alcaldía, a contratación da persoa aspirante que ocupe o primeiro lugar (por orde de puntuación) na relación complementaria de aspirantes que participaron no proceso selectivo e non foran inicialmente seleccionadas.

O contrato coas persoas inicialmente propostas terá unha duración de cinco meses e 15 días dende a data de formalización ou no seu defecto ata o 31 de decembro de 2024.

Oitava. Incidencias.

O Tribunal resolverá as dúbidas que se presenten e adoptará os acordos necesarios para o bo funcionamento do concurso - oposición en todo o non previsto nestas bases.

Novena. Dereito supletorio.

En todo o non previsto nestas Bases estarase ao disposto na lexislación laboral vixente que resulte de aplicación e, especialmente, ao disposto no Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro e demais lexislación concordante en materia laboral.

Décima. Norma final.

A presente convocatoria, as súas Bases e todos os actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do Tribunal, poderanse impugnar no caso e na forma dispostos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

ANEXO I

Baremo de méritos para valorar o concurso

A) Formación (máximo 7 puntos):

1) Por coñecemento da lingua galega (*só se valorará o de maior puntuación debidamente acreditado*)

a) CELGA II (ou equivalente): 0,25 puntos

b) CELGA III ou superior (ou equivalente): 0,50 puntos

Puntuación máxima nesta apartado: 0,50 puntos.

5) Ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas: 2 puntos (máximo 2 puntos).

6) Cursos relacionados coas tarefas a desenvolver: 0,10 puntos por cada 10 horas de curso

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

(máximo 4,00 puntos)

7) Cursos de prevención de riscos laborais: 0,10 puntos por cada 10 horas de curso (máximo 0,50 puntos)

B) Tempo en situación de desemprego: por ter unha antigüidade de 24 meses ou máis en situación de desemprego: 1 punto.

C) Mulleres: 1 punto

D) Por ter algunha discapacidade que non impida o normal desenvolvemento da actividade: 1 punto.

E) Maiores de 45 anos: 1 punto.

F) Experiencia laboral (máximo 4 puntos):

a) Por servizos prestados en postos da mesma natureza e categoría (peoa/peón de obra pública) nunha administración local: 0,2 puntos por mes completo traballado.

c) Por servizos prestados en postos da mesma natureza e categoría (peoa/peón de obra pública) nunha empresa privada: 0,1 puntos por mes completo traballado.

A experiencia laboral, para a súa valoración, deberá xustificarse mediante contratos de traballo e vida laboral, expedida pola Seguridade Social, acreditando sempre a categoría profesional desempeñada, non computándose os períodos inferiores a un mes, entendéndose este como un período de 30 días a xornada completa.

ANEXO II

MODELO DE INSTANCIA

D./Dna....., con documento de identidade número e domicilio a efectos de notificación e comunicación en.....
CP.....Localidade..... teléfono..... e correo electrónico.....

EXPOÑO:

1º.- Que desexo participar no proceso selectivo convocado para a contratación de dúas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

persoas como peoa/peón de obra pública, mediante contrato temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, convocado polo Concello de Teo, a través do BOP da Coruña de data

2º.- Que reúno todos os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, que declaro coñecer.

3º.- Que achego a seguinte documentación, sumando a totalidade da miña solicitude un total de (*indique o número de páxinas*) páxinas:

- Fotocopia do documento de identidade. (DNI, NIE, Pasaporte)
- Declaración xurada, acreditativa de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exercer-la función propia a desenvolver. (Anexo III)
- Carné de conducir tipo B
- Documentación acreditativa da situación de demandante de emprego
- Documentación acreditativa de atoparse nalgunha das situacións previstas na letra “e” da Base 2ª
- Titulación
- Méritos

4º.- Que a documentación que achego xunto con esta solicitude é copia fiel da orixinal, que presentarei no Concello de Teo no momento en que, no seu caso, me sexa requirida ao efecto.

5º.- Que desexo realizar a proba escrita en Galego Castelán. (De non indicar preferencia entregaráse a documentación en galego).

Polo exposto,

SOLICITO: Ser admitido/a no proceso selectivo aportando a estes efectos a documentación que se achega.

Teo, .. de de 2024

Sinatura da persoa aspirante

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

SRA. ALCALDESA - PRESIDENTA DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

**ANEXO III
DECLARACIÓN XURADA**

D/Dna. con DNI nº
teléfono, correo electrónico
e domicilio a efectos de notificación en

DECLARO BAIXO XURAMENTO

Que non padezo enfermidade nin estou afectado/a por limitación física ou psíquica que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo ao que pretendo optar mediante esta solicitude.

Que non presento causa de incompatibilidade ou de incapacidade conforme á normativa vixente.

Que non estou separada/o, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas nin me atopo inhabilitado/a para o exercicio e desempeño das funcións públicas.

Teo, .. de de 2024

Sinatura da persoa aspirante